

Destrezas orais B1 - Sección Culleredo

1 Definición do nivel

Este curso ten como finalidade proporcionar ao alumnado estratexias para poder comunicarse con outros usuarios oralmente, tanto en conversas como en presentacións, de xeito adecuado ao nivel B1 do *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas*.

O alumnado que acade o nivel B1

É capaz de comprender os puntos principais de textos claros e en lingua estándar se tratan sobre cuestións que lle son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de lecer. Sabe desenvolverse na maior parte das situacións que poden xurdir durante unha viaxe por zonas en que se emprega a lingua. É capaz de producir textos sinxelos e coherentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal. Pode describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente as súas opinións ou explicar os seus plans.

2 Duración e temporalización

Durante o curso académico 2023-24 haberá un curso anual de 60 horas. Os cursos anuais constan de 30 sesións de dúas horas, cunha periodicidade dunha clase por semana. Neste curso académico, os cursos de conversación de B1 impartiranse os martes de 16:00 a 18:00 horas dende o 12 de setembro ata finais de maio 2024.

3 Obxectivos xerais

Mellorar a competencia no uso das estratexias de comunicación oral básicas.
Diferenciar entre os ámbitos persoal, público e profesional e ser capaz de aplicar habilidades comunicativas adecuada a cada un deles.
Expresar puntos de vista con un grao razoable de claridade, sopesando vantaxes e desvantaxes no contexto da presentación formal.
Manter unha certa coherencia e a cohesión no discurso
Participar en conversas informais, mantendo unha actitude de escoita activa, facendo un uso eficiente da quenda de palabra,
Familiarizarse progresivamente coa entoación e o ritmo da lingua inglesa.
Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas oralmente en situacións habituais e de modo simple.



4 Obxectivos específicos

Monólogo sostido:

Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.
Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (destinatario, situación, propósito).
Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral dunha información recibida oralmente ou por escrito.

Interacción:

Resolver situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte, etc.)
Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas (por exemplo, nun banco, na oficina de correos ou noutras institucións similares).
Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas e aclarar certos puntos.
Responder preguntas directas e sinxelas. Saber solicitar aclaracións ou repetición.
Iniciar unha conversa, respectar as quendas de palabra e rematar a conversa de forma natural;
Soster unha breve conversa sobre temas coñecidos, confirmando a súa comprensión, pedindo confirmación e convidando outros a falar.

Riqueza:

Consolidar e ampliar vocabulario de uso frecuente e sobre temas coñecidos.
Usar circunlocucións e paráfrases para reparar os problemas de falta de vocabulario e estruturas.

Fluidez e control fonolóxico:

Producir un discurso preparado previamente e cunha fluidez relativamente homoxénea.
Responder con naturalidade e fluidez a preguntas frecuentes.
Pronunciar de xeito claro.

Adecuación sociolingüística e flexibilidade:

Expresarse con claridade e con educación,
Facilitar a comprensión, preguntando ou pedindo repetición cando non entende.

5 Contidos


O curso abranguerá temáticas nos eidos da personalidade, traballo, saúde, educación, comprar e actividades comerciais, tempo libre e lecer, viaxes e transportes, relacións humanas e sociais, clima e condicións atmosféricas, tecnoloxía e ciencia. Poderase completar con outros temas xerais de interese do alumnado deste curso.

6 Metodoloxía e recursos didácticos

Obviamente, o enfoque deste curso será eminentemente comunicativo e práctico co fin de fomentar a interactividade e creatividade do alumnado.

En todas as sesión serán propostas actividades e estratexias de interacción oral, e empregaranse materiais audiovisuais ou textos escritos, ben como modelo ou como fonte para poder elaborar unha conversa ou debate a partir dos mesmos. Prestarase atención especial á mellora da entoación e a pronunciación. Asemade, favorecerase a fluidez, ampliación do vocabulario e a corrección léxico-gramatical. Tamén se poderán practicar tarefas de mediación oral. Ademais, o alumnado terá a posibilidade de preparar breves presentacións sobre temas relacionados cos contidos do curso, participar en podcasts ou outras tarefas orais. Introduciranse xogos (game-based learning) con frecuencia para fomentar a participación e colaboración entre todo o alumnado.

Empregarase como base o seguinte libro “[In conversation B1](#)”. Os demais materiais empregados neste curso serán creados ou adaptados polo profesorado e cumprirán os requisitos legais vixentes no que atinxe aos dereitos de autoría. O profesorado facilitará estes materias.



(Print)

In conversation B1 Student's Book with audios ISBN 9783125015586

(Online)

In conversation B1, 2nd edition - Digital Edition [allango](#)

Licence key (teachers/students, 24 months)

Student's Book with audios NP10050155800

7 Atención á diversidade

Garantirase a axuda personalizada para aquel alumnado que precise atención titorial específica ou adaptación de materiais ou tempo de preparación e/ou realización das actividades.

8 Avaliación

Ao principio do obradoiro realizarase unha avaliación de diagnóstico (needs analysis) na que se detecte o nivel inicial de cada alumno/a.

Neste curso non haberá un exame formal. Observarase o progreso a través dun proceso de avaliación continua na propia aula. O alumnado recibirá un certificado de asistencia e aproveitamento ao remate do curso sempre que cumpra as seguintes condicións:

80% de asistencia ás aulas

Participación activa

Entrega ou presentación de tarefas, se for o caso.